



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
BALNEARIO

**Resolución puntuación definitiva.**

**Procedemento:** Convocatoria e Probas de Selección para o Proceso selectivo de traballador/a social.

**Documento asinado por:** O alcalde.

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Tramítase expediente de convocatoria e probas de selección para contratación de traballador/a social traballador/a social.

En data 4 de agosto de 2022 publícase anuncio coas cualificacións do segundo exercicio do proceso selectivo, un prazo de cinco días para reclamacións contra a puntuación que se lles outorgou.

Finalizado o prazo de presentación de reclamacións resulta que non foi presentada ningunha.


A vista do anterior e da proposta realizada polo Tribunal cualificador e de conformidade co artigo 22 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, o artigo 136 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril e o artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Publicar na páxina web do Concello a relación definitiva de aprobados:

Nome e Apelidos	1º exercicio	2º exercicio	Puntuación total
MARIA JULIA SOUTO TABOADA	45,60	50,00	95,60
LUCIA GONZALEZ LAGO	40,30	48,00	88,30
LUCIA PENAS MORALES	39,00	43,00	82,00
ANDREA VELASCO AMIGO	32,20	46,50	78,70
ANA ISABEL VIDAL SOBRAL	34,40	41,00	75,40
ESTEFANIA SESTELO FANDIÑO	31,70	43,00	74,70
LORENA MIGUEZ BUGALLO	32,00	28,50	60,50

**SEGUNDO.** Aceptar a proposición do Tribunal Cualificador de contratación de D<sup>a</sup>. María Julia Souto Taboada, aspirante que acada a máxima puntuación no proceso selectivo e de, e de acordo co previsto na base sexta das que regulan o proceso selectivo, e con fin de asegurar a cobertura da praza, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión ou posteriormente, a formación dunha bolsa para cubrir as





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

vacantes que se produzan, por orde de puntuación das persoas aprobadas.

**TERCEIRO.** Requerir a aspirante proposta para o nomeamento, para que no prazo de vinte días naturais, contados a partir da data de publicación desta resolución, presente a documentación xustificativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, a saber:

1. Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
2. Declaración de non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.
3. Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
4. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar afiliada).

Así mesmo, publicar esta resolución na sede electrónica deste Concello.

O que manda e asina o Sr. Alcalde presidente do Concello en Mondariz Balneario a data que figura á marxe ante min, o secretario, que certifico.



Cod. Validación: 3KGDWCWA2C3RKPWGJ7R045RQS | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2